

XIII MARCHA CICLOTURISTA A BERGANTIÑOS

REGULAMENTO PARTICULAR

PARTICIPACIÓN

O Club Ciclista Carballo, en colaboración co Concello de Carballo e contando coa aprobación da Federación Galega de Ciclismo, organiza a marcha cicloturista de estrada denominada "XIII Marcha Cicloturista a Bergantiños". Esta marcha será de velocidade controlada, de xeito que o pelotón marche agrupado ó longo de todo o percorrido, cunha velocidade media estimada de 26 km/h. Nas subidas dende O Couto ó Mirador do Faro de Brantuas e de Razo a Oza, para facilitar que cada participante suba ó ritmo que lle resulte máis axeitado haberá dous tramos libres, de carácter non competitivo, con agrupamento ó final destes tramos, e sempre garantindo que a caravana ciclista non exceda os dous quilómetros de lonxitude, conforme á Instrucción 18/TV-101 da DGT para Marchas cicloturistas con itinerario por carretera.

A participación está aberta a todos os deportistas maiores de 15 anos en posesión de licencia federativa, ben sexa esta anual ou de un día.

Os deportistas con licencia de un so día e menores de idade deberán acompañar ó boletín de inscrición unha autorización asinada polo seu pai, nai ou titor legal para poder participar.

LUGAR E DATA

A XIII Marcha Cicloturista a Bergantiños comezará ás 10:00 horas do 15 de Marzo de 2020 saíndo do Pavillón Vila de Noia, onde estará ubicada a Oficina Permanente. A organización porá á disposición dos participantes servizos e duchas (no propio pavillón) así como aparcamento para os seus vehículos na rúa Vila de Corcubión. O remate está previsto para as 13:26.

SEGURIDADE

A organización da marcha contará con personal auxiliar en cruces, motos de enlace, vehículos de apoio, Protección civil, Garda Civil de Tráfico, Policía Local, ambulancia e médico.

En todo o momento os participantes circularán agrupados, polo lado dereito da calzada, entre os vehículos de inicio e peche da cápsula de seguridade, e deberán atender ás indicacións da organización e forzas de seguridade. Nos tramos libres a organización reservase o dereito de neutralizar a marcha en caso de que se fraccione demasiado o pelotón, posto que non son tramos de carácter competitivo, e en aras da seguridade dos participantes e da normativa que afecta a este tipo de marchas o pelotón non pode alcanzar os 2 km entre o primeiro e o último participante.

Todos os participantes deben portar o dorsal en lugar visible, e en caso de abandonar a marcha voluntariamente quitalo de inmediato.

OBSEQUIOS

Ó remate da proba farase entrega de obsequios e recordos a:

- Ó participante de maior idade.
- Á participante de maior idade.
- Ó participante de menor idade.
- Á participante de menor idade.
- Ó Club máis numeroso.
- Ó Club máis lonxano.

Para que un Club teña dereito a un destes recordos ten que contar con licencia federativa e participar cun mínimo de catro ciclistas.

PERCORRIDO

Considerase de unha dureza media e conta cun percorrido total aproximado de 85 quilómetros. O tempo estimado, incluíndo as reagrupacións necesarias durante o percorrido e o avituaiamento, é de 3 horas e 26 minutos, polo que o remate está previsto para as 13:26 horas.

Os ciclistas percorreren o traxecto Carballo, Buño, Ponteceso, Brantuas, Malpica, Razo, Imende, Razo, Carballo segundo plano e rutómetro anexos.

INSCRICIÓN E TAXAS

As inscricións poderanse facer electrónicamente na páxina www.championchipnorte.com, ou persoalmente para inscricións realizadas o mesmo día da proba, para os que posúan licencia federativa. É imprescindible facer a aportación económica que corresponda para que a inscrición sexa efectiva.

O prazo de inscrición remata o 08/03/2020 ás 22:00, non admitíndose ningunha inscrición pasado ese prazo. De xeito extraordinario o mesmo día da marcha, e ata media hora antes da saída, admitiranse novas inscricións só para aqueles ciclistas que dispoñan de licencia federativa anual, sempre e cando non se chegara ó límite de participantes.

O máximo de participantes establécese en 150. Se se acadara ese número antes da data fixada darase por pechada a inscrición comunicándose esta circunstancia.

A entrega de dorsais farase o día da marcha desde as 08:00 ás 09:30 horas. Para a retirada de dorsais os ciclistas con licencia federativa, tanto os inscritos no prazo normal como os que o fagan de xeito extraordinario o día da marcha, deberán presentala para a súa verificación. Os participantes con licencia de un día deberán presentar o DNI.

O importe a abonar para participar na marcha será de 12 €. Esta cantidade incrementárase en 10 € para os que precisen obter licenza dun día, sendo por tanto o importe total para estes de 22 €. Os inscritos o mesmo día da marcha terán unha penalización de 3 €, polo que a cantidade a abonar sería de 15 €.

Ó finalizar a proba haberá pinchos para todos os participantes.

EQUIPAMIENTO MINIMO

Os participantes deberán ser autosuficientes durante a marcha e disporán do seguinte equipamento mínimo obrigatorio:

- Casco homologado.
- Bicicleta en bo estado.
- Auga.
- Cámara e ferramentas básicas.

NORMAS DE CIRCULACIÓN

A marcha será neutralizada con tramo libre na subida de O Couto ó Mirador do Faro de Brantuas e de Razo a Oza, para facilitar que cada participante suba ó seu ritmo. En caso de que o pelotón se rompa en varias unidades, e para garantir a seguridade, a organización poderá neutralizar a marcha.

Co fin de garantir a seguridade de todos os participantes, e a criterio da organización e da Garda Civil de Tráfico, faranse tantos reagrupamentos como fagan falta.

En todo momento serase respectuoso co medioambiente. Nas paradas intermedias de avituaiamento e ó final da marcha haberá colectores para recoller o lixo.

A organización contará con servizo sanitario que terá competencia para impedir a continuación na marcha a calquera participante que considere non capacitado.

A organización non se fai responsable de ningún accidente do que puidera ser causa ou vítima o participante por unha mala praxis e actuación contraria ó marcado pola organización, sendo este o único responsable dos seus actos durante o transcurso da marcha. Tampouco se responsabilizará á organización dos gastos ou débedas que puideran contraer os participantes durante a proba, nin das perdas ou avarías que puideran sufrir as bicicletas ou calquera outro equipamento persoal.

Por causas de forza maior a organización reservase o dereito a cambiar a ruta prevista en calquera momento.

A inscrición na marcha implica a aceptación total de todo o reseñado neste regulamento.